



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Xuño 2017 • Nº 213

PONTE DE VERÁN

No interior todas as actividades para o verán en Vedra.

AXENDA PARA O MES DE XUÑO

- Continúan as xuntanzas do Alcalde polas doce parroquias.
- Celebración do Día Mundial do Medio Ambiente o 5 de xuño.
- Baile-Sardiñada de San Xoán da terceira idade o 16 de xuño.
- Última etapa de Sendeirismo antes do parón do verán o 17 de xuño, con visita ás Illas Óns.
- Clausura-fin de curso actividades do Centro Social o 28 xuño.

AXENDA NAS INICIATIVAS ASOCIATIVAS

- **O CLUB DEPORTIVO SAN MAMED:**
Celebra o seu Torneo de Fútbol Base nas dúas primeiras fins de semana de xuño.
...E o 2 de xullo celebrara o seu 50º aniversario!!
- **A ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO** celebra o seu 30º aniversario coa Festa do Socio e Socia o 17 de xuño.
- **A ASOCIACIÓN CABALAR "RÍO PEREIRO"** celebra a súa ruta o 18 de xuño.
- **A ANPA DO CEIP ORTIGUEIRA** desenvolve as súas "Tardes Divertidas" na última semana do curso do 19 ao 22 de xuño.
- **A ASOCIACIÓN XUVENIL "A DORNA DE TROBE"** propón xogo de "peñas" para o 1 de xullo.
- **O CLUB OLÍMPICO DE VEDRA** organiza Triatlón Divertido. O teu primeiro triatlón, do 19 de xuño ao 31 de xullo.

XUÑO

L	M	MC	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

XUNTANZAS DO ALCALDE COA VECIÑANZA

- Continúan as reunións parroquia a parroquia nas que o Alcalde se pon a disposición de veciños e veciñas para falar e tratar temas de interese xeral...

DATA	LUGAR	HORARIO
Venres 2 de xuño	Local Multiusos Trobe	Ás 21:00 h.
Pendente de data	Local Social San Pedro de Sarandón	
Venres 9 de xuño	Casa da Cultura San Miguel de Sarandón	Ás 21:00 h.
Martes 13 de xuño	Local Social Merín	Ás 21:00 h.
Venres 16 de xuño	Local Multiusos San Mamede de Ribadulla	Ás 21:00 h.
Martes 20 de xuño	Local Social San Pedro de Vilanova	Ás 21:00 h.
Martes 27 de xuño	Local Social Ponte Ulla	Ás 21:00 h.
Venres 30 de xuño	Local Social San Xián de Sales	Ás 21:00 h.
Martes 4 de xullo	Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla	Ás 21:00 h.

HORARIO DE VERÁN NO CONCELLO DE VEDRA DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

Do 15 de xuño ao 15 de setembro
De luns a venres de 9:00 a 13:00 h.



PROGRAMACIÓN CULTURAL DAS LETRAS GALEGAS



Exposición “As Caras dos Libros” dedicada a Carlos Casares, na biblioteca municipal de Vedra.



Accións de dinamización á lectura co programa “Ler conta Moito”.



Concerto polas Letras no Centro Social de Vedra.



Mozas de Vedra participaron entre o 22 e o 29 de maio nun intercambio europeo en Bruxelas (Bélxica).



Comezou a campaña de bacheo polas 12 parroquias vedresas!!

Consultas e información no teléfono 981 814 612.



Reunión en Illobre sobre a ordenación do monte sen concentrar.



O alcalde e o concelleiro de xuventude participaron dos actos do 20º aniversario da Asociación Xuvenil de Deao (Viana do Castelo), tras catro anos de colaboración en distintas accións para a xuventude de ambos concellos.



Vedra recibe unha visita europea, como exemplo de espazo natural de interese medioambiental.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Festival de Bandas Xuvenís da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla- Concello de Vedra.



Certame de Corais Santa Cruz de Ribadulla.



"Serán das Letras", organizado pola Asociación Cultural San Campio.

Medio Ambiente

ROTEIRO PARA A RECOLLIDA DAS HERBAS DE SAN XOÁN

■ O Día Mundial del Medio Ambiente, que se celebra o 5 de xuño, é o evento anual máis importante para promover a acción en favor do medio ambiente.

"Conectar ás persoas ca natureza" este é o tema deste ano, que nos anima a saír ao aire libre e gozar dos espazos naturais para apreciar a súa beleza e o seu valor, ademais de convidarnos a reflexionar sobre o noso lugar na natureza e a nosa dependencia dela.

Baixo esta premisa, o Concello de Vedra en colaboración coa Asoc. Medioambiental Amabul propón un roteiro de recuperación de tradicións culturais destinado a toda a familia para recoller as herbas de San Xoán e gozar da natureza en grupo.

• **Día:** 22 de xuño ás 20:00 horas

Imprescindible anotarse antes no teléfono 981 814 691 ou no correo cultura@concellodevedra.com.



PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

■ Como cada ano e co comezo do período estival e tendo en conta que o Concello de Vedra está considerado pola Xunta de Galicia como Zona de alto risco de incendio, debemos recordar o seguinte:

Segundo o disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e as súas modificacións na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia,

- As persoas propietarias teñen a **obriga de manter limpas de maleza as parcelas situadas a menos de 50 metros do solo de núcleo rural e urbano, edificacións, vivendas illadas e urbanizacións.**
- Durante o período de alto risco de incendio que disporá a Consellería do Medio Rural **non se poderán realizar queimas de restos agrícolas.**
- Neste mesmo período estival **queda prohibida a realización de barbacoas ou calquera tipo de**

fogueira ou preparación de alimentos, tanto en áreas recreativas como en propiedades privadas, independentemente de que contén con infraestruturas para a súa preparación.

O incumprimento destas normas suporá a aplicación de multas coercitivas e, de ser o caso, a instrución do correspondente procedemento sancionador.



EN LOITA CONTRA A VESPA VELUTINA

■ O Concello de Vedra decidiu adherirse ao “Convenio para a loita contra a Vespa Velutina” e desta maneira poder tratar e retirar os niños con medios propios e persoal voluntario, tanto de Protección Civil coma Apicultores do Concello de Vedra. No que levamos de ano, **tratáronse máis de 50 niños de Vespa Velutina nas 12 parroquias do Concello** e a día de hoxe están tratados e inactivos case todos os niños localizados polos veciños de Vedra. Neste sentido temos que destacar a importancia da colaboración veciñal na detección dos niños, algo fundamental para poder eliminalos e frear o avance da Vespa Asiática .

A loita contra a Velutina líbrase, polo momento, tratando de capturar ás raíñas e tamén desactivando os seus niños. Este é o mellor momento para capturar as raíñas, porque están a espertar e comezando a crear o seu niño primario, sobre todo en alpendres ou galpóns que son accesibles e a poñer os ovos que darán lugar á colonia. O Concello conta con medios propios coma, traxes específicos, unha pértiga de 30 metros, e un camión con cesta para poder chegar aos niños que se atopan en árbores a máis de 30 metros de altura.

Dende que a Xunta de Galicia asumiu a coordina-



ción da retirada dos niños de Vespa Velutina, **cada vez que se detecte un niño de Vespa Asiática deberá chamarse ao 012 ou ao 112.** En Vedra é o concello quen está a retirar os niños, deste xeito, cando se produza unha chamada de alerta de niños, enviarase ao persoal responsable para facer a comprobación da súa existencia, e ademais da eliminación dos niños, o equipo tamén será o responsable de recoller os datos e de incluílos nunha nova aplicación creada pola Xunta de Galicia para tal fin. Así, centralizase tamén a recollida de información de todas as actuacións realizadas por cada unidade, o que será de gran utilidade para observar a evolución desta especie.

RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS PORTA A PORTA

■ Lembra que o Concello de Vedra segue a ofrecer o servizo de recollida de voluminosos porta a porta nun esforzo máis por axudar na reciclaxe e sobre todo en evitar os tan non desexados vertidos incontrolados.

...Por iso animámoste a continuar facendo uso deste servizo para entre todos e todas conseguir unha Vedra máis limpa, máis cívica e mellor!!

DATAS DE RECOLLIDA:

O PRIMEIRO e TERCEIRO venres de mes en horario de mañá.

TELÉFONO AO QUE CHAMAR:

981 571 241 (Extensión 100)

As solicitudes atenderanse ata as 17:00 h do día anterior a cada recollida!

E se o que queres é desfacerte ti dos teus despoños ... entón a túa solución é...

O PUNTO LIMPO

Abre as súas portas no seguinte horario:

Os martes de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h. e os sábados de 10:00 a 14:00 h.

Con todas estas medidas é incomprensible como é que seguen a existir vertedoiros incontrolados que contaminan a nosa contorna... Algo penado pola lei que debemos seguir denunciando e actuando na súa contra!



Educación

VEDRA MEDRA

Ai, maio, maio, peor aínda é o mes que vén logo

■ Vai rematando o curso e con el as distintas actividades de **Vedra medra**.

Vedra de lenda ocupou unha grande parte deste 3º trimestre e finalizará o vindeiro 6 de xuño coa participación de Antonio Reigosa. Non lle podíamos poñer mellor colofón a esta sección que a visita dun dos grandes coñecedores e divulgadores da nosa literatura oral tradicional.

Creador e coordinador da enciclopedia virtual *Gali-cia encantada* (www.galiciaencantada.com) e autor,

entre outros, dos títulos *Dicionario dos seres míticos galegos*, *Trece noites, trece lúas ou Lendo lendas, digo versos*, Antonio acompañaranos para profundar nas aulas do imaxinario que tanto nos gustan en **Vedra medra**.

Finalizamos as **visitas á contorna** coa ruta pola Vía da Prata ao seu paso polo concello e tamén os **OBRA-DOIROS DE PATRIMONIO**.

O mes de maio, mes das Letras, trouxemos para o CPI unha **exposición fotográfica** resumo de todo aquilo que levamos feito e que ben podíamos titular, seguindo aquel de Carlos Casares, *"Vedra: un país de palabras"*.

As palabras do territorio, os nomes dos lugares son a base do noso proxecto e temos a satisfacción de achegalas a través das distintas actuacións realizadas polo noso alumnado en forma de imaxe.



Educación

As nosas últimas palabras son de agradecemento para todas aquelas persoas de Vedra que dende distintos ámbitos axudaron a que **Vedra medra** se convertese nunha realidade neste curso académico 2016-17.

A partir do 1 de setembro, **Vedra medra** como gañador do Proxecto Didáctico A. Fraguas, pasará a expoñerse no Museo do Pobo Galego onde permanecerá durante o outono.

Nós agardamos que nos visiten e se ata daquela desexan seguirnos, poden facelo en:

<https://www.facebook.com/vedramedra/>

Visita aos muíños do proxecto Vedra Medra.



Emprego

O CONCELLO INFORMA CONVOCATORIA PARA CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PÚBLICO TEMPORAL

■ Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada con data once de maio de dous mil dezasete, aprobáronse as bases reguladoras do proceso de selección de persoal laboral mediante a constitución dunha bolsa de emprego público temporal, para cobertura dos seguintes postos:

- Operario - condutor de servizos múltiples (PC e recollida de lixo).
- Albanel oficial de segunda.
- Tractorista - palista.
- Xardineiro oficial de segunda.
- Operario servizos múltiples-conserxe.

- Monitor servizos culturais e educativos.

As instancias solicitando participar no proceso selectivo dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello de Vedra, no prazo de quince días naturais contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP, publicando as bases o mesmo día de publicación do anuncio no BOP no taboleiro de anuncios municipal e na web: www.concellodevedra.com.

Máis información na oficina da técnica local de emprego do concello, en horario de oficina de 9:00 a 14:00 horas.

Cultura e Deportes

FIN DE CURSO DAS ACTIVIDADES MUNICIPAIS PARA ESCOLARES

■ As actividades culturais, deportivas e as de ocio e tempo libre organizadas para escolares polo concello de Vedra cerran as súas portas ata o novo curso.

Con máis de 160 nenos e nenas matriculados en inglés, pintura, xadrez,... e 120 nas actividades depor-

tivas: karate, patinaxe, baloncesto e baile moderno.

Moita atención ao boletín do mes de setembro, momento no que se publicarán as novidades e actividades para o novo curso así como a apertura do prazo de inscrición.

PONTE DE VERÁN

...Co verán chegan as vacacións, o bo tempo, as festas,...
é o momento de botarlle un ollo a todas as propostas que chegan a Vedra!!

Podes consultar este folleto e toda a información relativa, na nosa páxina web www.concellodevedra.com.

TODA A INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS DE CADA UNHA DAS PROPOSTAS DE VERÁN NO MAIL cultura@concellodevedra.com e no teléfono 981 814 691.



1

ACCIÓNS FORMATIVAS DE VERÁN PARA A XUVENTUDE

Curso monitor/a de piragüismo (iniciadores/as)

Homologado pola Federación Galega de Piragüismo e a Real Federación Española de Piragüismo.

Nº de horas: 20.

Datas: Xuño: venres 16 pola tarde, sábado 17 mañá e tarde, domingo 18 pola mañá.

Requisitos: a partir dos 16 anos, titulación mínima da E.S.O, saber nadar, dominio básico do kayak.

Imparte: Federación Galega de Piragüismo.

Custe: gratuíto

Curso de iniciación ao desfibrilador semiautomático

Nº de horas: 8.

Datas: 21 e 22 de xuño de 17:00 a 21:00 h.

Custe: gratuíto.

2

VOLUNTARIADO XUVENIL

Programa dirixido a mozos/as de 16 a 30 anos.

As áreas onde se desenvolverán as diferentes accións de voluntariado son: atención a peregrinos, dinamización sociocultural, accións ambientais, accións deportivas...

As persoas voluntarias contarán con formación, seguro de accidentes e de R.C, e terán cubertos os gastos de desprazamento e manutención.

APÚNTATE XA!!!

3

ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE NO VERÁN

Descenso do Ulla en Piraguas O sábado 1 de xullo

Percorrido: Dende Ponteledesma-Illas de Gres ata a Área de Recreo de Agronovo - 10 km).

Data: sábado 1 de xullo.

Custe: 20 €/persoa. (Inclúe, piragua - de 2 pers., chaleco salvavidas, desprazamentos entre os puntos de chegada e saída, e seguro).

Prazas limitadas

O prazo de inscrición estará aberto ata o **26 de xuño**.

Excursión Aquapark de Cerceda Martes 18 de xullo

Trátase dunha aposta para pasar un día divertido, en familia, con amigos,... pero sobre todo con moita diversión con todas as alternativas que o Aquapark ofrece!!

Custe: 10 €/persoa. (Inclúe: transporte e entrada).

Requisito: saber nadar.

Menores de 13 anos deben ir acompañados/as.



PONTE DE VERÁN

Campo de Tráballo 2017 Vedra no Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro Do 5 ao 16 de xullo


Esta iniciativa de verán desenvolverá por unha banda, unha intervención de recuperación patrimonial no tramo do Camiño Xacobeo Miñoto - Ribeiro ao seu paso polo concello de Vedra que consta de 3 fases: investigación-recollida de campo, sinalización do itinerario e accións de difusión. Pola outra, desenvolveranse actividades de intervención social (con nenos/as e coas persoas maiores).

Ademais realizaranse actividades recreativas, deportivas e turístico-culturais.

Está destinada a mozos/as do estado español (nacional), e tamén doutros países (internacional); levarase a cabo, do día 5 ao 16 de xullo.

Se tes interese en participar inscíbete rápido xa que as prazas son limitadas.

**ANÍMATE, SERÁ UNHA
GRAN EXPERIENCIA!!!**



Goza do Ulla 2017

Vedra volve formar parte deste programa que fai un percorrido polas rutas de sendeirismo dos concellos bañados polo Ulla.

Tes toda a información e forma de inscricións nos concellos participantes, no blog:
<http://vedraconecta.blogspot.com.es> e no facebook:
<http://facebook.com/gozadoulla>.

**...GOZA DO ULLA EN VEDRA
O DOMINGO 6 DE AGOSTO
CORREDOR TEMÁTICO DO RÍO ULLA
"SAN XOÁN DA COVA"**

Esta ruta discorre pola marxe dereita do río Ulla, aproveitando camiños de paso e sendas de pescadores (Rede Natura).

Ten o seu inicio no **"Miradoiro de Gundián"** e o remate na **"Área de Recreo de Cubelas"**.

Son 12,6 km de percorrido gozando da beleza paisaxística de Vedra.

Punto e hora de encontro: Área de Cubelas (San Pedro de Sarandón) ás 9.30 h.

PRAZO DE INSCRICIÓN ABERTO NO TELÉFONO:
981 814 691 ou no enderezo electrónico:
casadospeons@concellodevedra.com





PISCINA MUNICIPAL

APERTURA DA PISCINA MUNICIPAL:

venres 9 de xuño.

HORARIO:

De luns a venres de 15:00 a 21:00 h.
Sábados, domingos e festivos de 16:00h a 21:00 h.

TELÉFONO: 626 488 891

En caso de mal tempo as instalacións
permanecerán pechadas!

TARIFAS PISCINA MUNICIPAL DE VEDRA

1) ENTRADA A PISCINA SEN ABONO:

-Persoas empadroadas en Vedra:

- Menores de 6 anos: ENTRADA GRATÍS
- Maiores de 65 anos: 1 €
- Menores de 14 anos: 1 €
- Maiores de 14 anos: 2 €

-Persoas NON empadroadas en Vedra:

- Menores de 6 anos: 1 €
- Maiores de 65 anos: 2 €
- Menores de 14 anos: 2 €
- Maiores de 14 anos: 3 €

2) BONOS:

- Persoas empadroadas en Vedra:

	Menores de 14 anos	Maiores de 14 anos:
A) Bono de 12 baños:	6 euros	10 euros
B) Bono de 20 baños:	8 euros	15 euros

- Persoas non empadroadas en Vedra:

	Menores de 14 anos	Maiores de 14 anos:
A) Bono de 12 baños:	12 euros	20 euros
B) Bono de 20 baños:	16 euros	30 euros

3) ABONOS FAMILIARES: (composto por persoa titular, cónxuxe e fillos menores de 14 anos)

- Para familias de vedra: 36 € / por toda a tempada.
- Para familias de fóra de vedra: 100 € / por toda a tempada.

4) ABONOS INDIVIDUAIS:

- Individual: (para persoas empadroadas en Vedra): 30,00 €
- Individual: (para persoas non empadroadas en Vedra): 80,00 €.

ACTIVIDADES ACUÁTICAS

As tardes dos luns e xoves dos meses de xullo e agosto

Inicio dos cursos: luns 3 de xullo.

A data limite para inscribirse remata o 29 de xuño, as incorporacións posteriores a esa data deberán esperar 7 días para iniciar a actividade. Isto é debido a que a Lei 13/2015 de 24 de decembro obriga a que as actividades deportivas deben estar cubertas por un seguro de accidentes específico ademais do seguro de responsabilidade civil.

ACTIVIDADES DE INICIACIÓN ACUÁTICA

Nacidos/as no ano 2014 e posteriores.
Acompañados/as do pai/nai/tutor.
Luns e xoves de 15:30 a 16:15 h.

NATAción INICIACIÓN I

Nacidos/as en 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013.
Luns e xoves de 16:15 a 17:00 h.

NATAción PERFECCIONAMENTO I

Nacidos/as en 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013.
Luns e xoves de 16:15 a 17:00 h.

NATAción INICIACIÓN II

Nacidos/as en 2004, 2005, 2006, 2007 e 2008.
Luns e xoves de 17:00 a 17:45 h.

NATAción PERFECCIONAMENTO II

Nacidos/as en 2004, 2005, 2006, 2007 e 2008.
Luns e xoves de 17:00 a 17:45 h.

NATAción INICIACIÓN PERSOAS ADULTAS

A partir de 14 anos.
Luns e xoves de 17:45 a 18:30 h.

NATAción PERFECCIONAMENTO PERSOAS ADULTAS

A partir de 14 anos.
Luns e xoves de 17:45 a 18:30 h.

PREZOS:

Cursos para menores de 14 anos:
7 € + ABONO INDIVIDUAL OU FAMILIAR.
Cursos para maiores de 14 anos:
13 € + ABONO INDIVIDUAL OU FAMILIAR.

Para a inscrición en calquera destas actividades é imprescindible ter un abono na piscina municipal de Vedra para a tempada do verán 2017.

PONTE DE VERÁN

LUDO VERÁN

Un verán máis a ludoteca municipal propón un espazo de conciliación familiar moi divertido para nenos e nenas!!

Con obradoiros, xogos, actividades, excursións,... e moitas sorpresas máis!!

**Horario da Ludo Verán nos meses de xullo e agosto:
de luns a venres de 8.30 A 14.30 H.**

TARIFAS DA LUDOTECA DE VERÁN:

- Prezo por 1 mes: 75 euros
- Prezo por 2 meses: 125 euros
- Prezo días soltos: 4 euros/día

Descontos aplicables:

- Casos de emerxencia social, acreditados polo Dpto. SS.SS. do Concello: 100%
- Unidades familiares con ingresos mensuais inferior ao IPREM (532,51 €.): 90%
- Unidades familiares con ingresos mensuais inferior ao 1,5 do IPREM (798,77 €.): 60%
- Unidades familiares con ingresos mensuais inferior ao 2,5 do IPREM (1.331,28 €.): 25%
- Pola condición de familia numerosa categoría xeral: 25%
- Pola condición de familia numerosa categoría especial: 40%
- Pola condición de familia monoparental, sempre que non supere o 1,5 do IPREM (798,77): 25%
- 2º Irmán asistindo á Ludoteca: 25%

As bonificacións son de carácter acumulativo.

Para máis información no teléfono 699 041 486 ou no 981 814 693 en horario de 9:00 a 14.00 h. no despacho da orientadora familiar.

CAMPUS DEPORTIVO E.D. VAL DO ULLA

Proposta da E.D. Val do Ulla para nenos e nenas de entre os 3 e os 16 anos con actividades no medio natural, xogos tradicionais, sendeirismo, piscina, río, praia,...

Está proposta desenvolverase entre o 3 e 14 de xullo!!

Toda a información en edvaldoulla@hotmail.es

Campus de verán Val do Ulla 2017

Actividades no medio natural, xogos tradicionais, sendeirismo, piscina, río, praia...

¿Cando?
Do 3 ao 14 de Xullo de Luns a Venres de 10:00 a 14:00

¿Dónde?
Campo de fútbol O Coto
Pista polideportiva O Coto
Piscina municipal de Vedra
Pavillón polideportivo de Vedra

¿PREZOS?

Pertencentes ao ED Val do Ulla	Sema Completa	20€
Non Pertencentes	Sema Completa	30€
	Sema Completa	55€

¿PARA QUEN?
Menas e Menos de 3 a 16 anos

INSCRIPCIÓN E MÁIS INFORMACIÓN:
EDVALDOULLA@HOTMAIL.ES
650353692

COLABORA:
Concello de Vedra, Olla, Ramsa

ACAMPARTE 2017 DA ANPA CEIP ORTIGUEIRA

Alternativa para nenos e nenas de entre os 3 e os 12 anos para pasalo en grande aprendendo a nosa tradición con moita festa!

Tamén haberá prezos especiais por días soltos con bonos e servizo madrugador segundo demanda.

No "Acamparte" haberá tempo para excursións á contorna, días de piscina, xogos de auga,...



ESCOLA DE VERÁN DA ASOCIACIÓN MEDIOAMBIENTAL AMABUL 2017

Volve esta alternativa de verán que busca que as mozas e mozos de Vedra se fagan protagonistas da súa educación, interactuando co medio as/os rodea.

Para quen é? para a mocidade maior de doce anos. Prazas limitadas

Como é? Durante o mes de xullo a escola de verán realizará acampadas, saídas, descubertas, actividades deportivas, xogos,...

Cando é? Do 3 ao 28 de xullo de luns a venres en horario de 10 a 14 horas (agás en actividades puntuais).

Canto custa? 100 € (para saídas, manutención, desprazamentos).

Toda a información en www.facebook.com/asoc.amabul

Organiza: Asoc. Amabul Colabora: Concello de Vedra

...e lembra que tamén haberá campamentos de verán:

**INFANTIL E XUVENIL A CABANA DE BERGANTIÑOS
DO 9 AO 15 DE XULLO**

XUVENIL (DE 15 A 17 ANOS) CAMPAMENTO EN IBIZA

**E VIAXE DA MOCIDADE A IBIZA
(nas proximidades da illa de Es Vedrá)**

**TODA A INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN EN CADA UNHA
DAS PROPOSTAS DE VERÁN NO MAIL
cultura@concellodevedra.com
e no teléfono 981 81 4691**

ETAPA DE SENDEIRISMO

O sábado 17 de xuño

■ Última etapa antes do descanso estival!!

Percorrido dende Porto Novo ás Illas de Óns. Saída nas Illas de Óns. Atención ao horario para a recollida do autobús:

- Saída ás 7:00 h. da de Mosqueiro.
- Parada ás 7:10 h. en Lestedo.
- Parada ás 7:15 h. no Breixo.
- Parada ás 7:20 h. diante do Hipercor.
- Parada ás 7:30 h. na Estación de autobuses.

Para inscribirte chama antes do 9 de xuño ao teléfono 981 814 691.

Nesta ocasión tamén podes participar da actividade sen ir co grupo no autobús. Chama e infórmate!!!



CAMPAMENTOS DEPORTIVOS DE VERÁN 2017 DEPUTACIÓN DA CORUÑA

■ O Concello de Vedra ten adxudicadas 3 prazas para o campamento deportivo de Verán 2017.

Este campamento está destinado a **nenos e nenas de entre 9 e 14 anos**, cumpridos neste ano 2017 e terá unha orientación deportiva, mediante a realización de actividades náuticas, equitación, tenis, sendeirismo, fútbol, voleipraia, baloncesto,...

A estancia e manutención terá lugar nas instalacións do **Centro Residencial Docente da Coruña**, no concello de Culleredo (rúa Salvador Allende, 13) e a quen da que nos corresponde vai dende o **26/08/2017 ata o 01/09/2017**.

A data límite para inscribirse remata o **17 de xuño**.

No caso de ter mais solicitudes ca prazas concedidas, realizarase un sorteo publico ante o secretario do concello para adxudicar as prazas.

A cota de participación é de **85,00 euros** por participante e o transporte dende a comarca, tanto de ida como de volta, non está incluído na oferta.

Máis información e inscricións no departamento de cultura e deportes: 981 814 691.

Servizos Sociais

IMSERO

PROGRAMA DE TURISMO 2017-2018

■ Aberto o prazo de presentación de NOVAS solicitudes ata o 6 de xuño. Para máis información e solicitudes poderán dirixirse ao Departamento de Servizos Sociais Comunitarios os luns, xoves e venres de 8:30 a 14:00 h.

REQUISITOS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA:

- Ser pensionista de xubilación do Sistema da Seguridade Social.
- Ser pensionista de viuvez do Sistema da Seguridade Social, con 55 ou máis anos de idade.
- Ser pensionista por outros conceptos ou percep-

tor de prestacións ou subsidios de desemprego, con 60 ou máis anos de idade.

- Ser asegurado ou beneficiario do Sistema da Seguridade Social, con 65 ou máis anos de idade.

ATENCIÓN:

Non é necesario reunir todos os requisitos, soamente cumprir algún dos supostos.





ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ Excursión á Cañiza "Romaría-Santuario de Santa María da Franqueira"

Luns 5 de xuño.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e visitas)

Programa: pola mañá romaría e pola tarde visitas a lugares de interese da zona...

(O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o 20 de maio. As inscricións realizaranse única e exclusivamente no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaranse por orde de inscrición - prazas limitadas).

■ Bingo especial de verán

Xoves 8 de xuño ás 20:00 h.

■ Baile-Sardiñada de San Xoán

Venres 16 de xuño.



Romaría Terceira Idade de Vedra 2017.

Ás 18:00 h. Xogos Populares, ás 20:00 h. sardiñada.

Para asistir á sardiñada é preciso retirar un ticket que ten un custe de 5 €/participante (Menú: sardiñas, churrasco e sobremesa).

Para a retirada de tickets di-

rixirse ao Centro Social. O prazo estará aberto entre o 3 e o 15 de xuño.

■ Clausura-fin de curso actividades do Centro Social

Mércores 28 xuño ás 20:00 h.

LUDETECA

■ Durante o mes de xuño as actividades terán como referente unha vez máis o programa Conxuga, co que se pretende desenvolver actividades baseadas na aprendizaxe por medio do xogo favorecendo ao mesmo tempo o crecemento persoal, a adquisi-

ción de valores, habilidades para a socialización dos nen@s e desenvolvemento das súas capacidades.

Con esta intención formulamos as seguintes actividades:

- Máquina do tempo: viaxamos a Antiga Roma.
- Patrulla ambiental.
- Viaxe a Italia.
- Xogos de grupo.
- Miúdos artistas Roma.
- Super Chef: cociña de Italia.
- Benvida ao verán.

Lembrámosvos que o 26 de xuño comezamos co horario de verán, de luns a venres de 8.30 a 14:30 h. Podedes formalizar as inscricións da ludoteca de verán a partir do 15 de xuño.



CLUB DEPORTIVO SAN MAMED TORNEO FÚTBOL BASE

■ O día 3 de xuño será a ocasión dos prebenxamíns, nun campionato formado por 12 equipos, onde haberá a ocasión de ver aos máis pequenos/as.

O 10 e 11 de xuño celébrase a V edición do torneo de benxamín e alevín no campo de San Mamede, con 19 participantes en cada categoría.

O sábado será a quenda dos alevíns e o domingo a dos benxamíns, con equipos como o Celta de Vigo, Deportivo, Lugo, Racing de Ferrol, Pontevedra, Calasanz, etc. Estarán algunhas das mellores canteiras do fútbol galego, o que promete ver un bo espectáculo.

TRIATLÓN DIVERTIDO O TEU PRIMEIRO TRIATLÓN

■ Organiza: Club Olímpico de Vedra.

Datas e horarios: Do 19 de xuño ao 31 de xullo. Luns, mércores e venres de 19:00 a 21:00 h.

Lugares: Piscina Municipal de Vedra e Pavillón Municipal de Vedra e entorno.

Inscripción: Totalmente gratuíta. Do 1 ao 10 de xuño no teléfono 633 691 678. Actividade limitada a 20 deportistas (en caso de completárense as prazas, darase prioridade a deportistas que pertencen ao club).

Requisitos: Saber nadar e estar dispostos a participar nun triatlón no mes de xullo co club Olímpico de Vedra.

TRIATLÓN DIVERTIDO
ORGANIZA: CLUB OLÍMPICO DE VEDRA

do 19 de xuño ao 31 de xullo
luns, mércores e venres de 19:00 a 21:00

piscina municipal de Vedra
pavillón municipal de Vedra

nen@s nad@s entre 2000 e 2008

Soamente 20 prazas
Actividade aberta a tod@l@s nen@s de Vedra
en caso de esgotarse as prazas darase prioridade @s federad@s no club

Requisitos obrigatorios:
saber nadar e participar nun triatlón co club no mes de xullo

ACTIVIDADE GRATUITA
solicita praza do 1 ao 9 de xuño
teléfono 633 691 678

O teu primeiro triatlón

50 ANIVERSARIO CD SAN MAMED

■ O 2 de xullo o CD SAN MAMED celebrará os actos do seu 50 Aniversario. Será un día inesquecible para todos aqueles que formaron parte da súa historia ao longo destes 50 anos ininterrompidos de actividade deportiva. Día de reencontros, emocións, e de seguir mantendo viva a chama da familia que formou este club ao longo destes 50 anos e que seguirá formando.

50 ANIVERSARIO
SAN MAMED 1967/2017

XORNADA HOMENAXE
¡VÉMONOS O 2 DE XULLO!

PROGRAMA

10:00 PARTIDO BIBERÓNS E PREBENXAMÍNS · 10:30 PARTIDO BENXAMÍNS E ALEVÍNS
11:00 PARTIDO INFANTÍS E CADETES · 12:00 PARTIDO XUVENÍS E MODESTOS
13:00 PARTIDO VETERANOS · 14:00 XANTAR
17:00 COMEZO DO ACTO CONMEMORATIVO · 19:00 BAILE

VENTA ANTICIPADA DE TICKETS EN:
TABERNA DO PATIO
TABERNA DE MOSQUEIRO
PARRILLADA O BREIXO
CANTINA DO NOSO CAMPO
DATA LÍMITE DE COMPRA: 25 DE XUÑO
(OBRIGATORIO PRESENTAR O TICKET O DÍA DA COMIDA)

PRECIO POR PERSOA:
· DE 0-5 ANOS: ENTRADA GRATUITA
· DE 6-10 ANOS: 14 EUROS
· ADULTOS: 26 EUROS
APERITIVOS VARIADOS + PULPO + CHURRASCO
POSTRE + BEBIDA Y CAFÉ

Un clube de Ouro
CD S. MAMED

Se queres contactar con nós, escribenos a:
cdsanmamed@gmail.com

Concello de Vedra · Deputación da Coruña · XUNTIL DE GILICIR · FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL

ESCOLA DE TENIS EN VEDRA

■ Chega a Vedra esta iniciativa que oferta clases de tenis para todas as idades e todos os niveis.

Moi pronto toda a información!!

Consultas no 981 814 691 (Departamento de deportes no Concello de Vedra)



ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO FESTA DO SOCIO/A O 17 DE XUÑO

■ A Asociación Cultural San Campio celebra o seu 30 aniversario cunha gran festa nos arredores da casa cultural de San Miguel de Sarandón!!

...Haberá...

- Festa infantil a partires das 18:00 h.
- E á noite: sardiñas e churrasco.
- É unha festa gratuíta para as persoas asociadas!!
- Prezo para os non socios/as: 5 €.

Haberá música en directo e moitas sorpresas máis!!

Reservas nos teléfonos:

678 826 516 (Angeles) // 658 202 253 (Lourdes).

ruta cabalar río pereiro



9:30 h. Almorzo.

10.00 h. Saída da ruta. (Pinchos)

14.30 h. Comida na Carballeira do Souto.

SOBREMESA CON SORTEOS

HABERÁ ACTUACIÓN MUSICAL

Barra con prezos populares

Cubatas 3€ • Refrescos 1,5€

Prezo por persoa: 25€ • Menores de 16 anos: 15€

Venda de entradas:

• **FOGAR DO AVO** (A Susana)

nº conta: 2080-0320-25-3000073179

Telfs. Contacto:

Marcos 648 443 257 / Graciela 636 098 795

**PRAZO PARA RESERVAS DE ENTRADAS: 15/06/2017
NON SE VENDERÁN TICKETS O MESMO DÍA DA RUTA**

COLABORAN:

Cencello de Vedra
Construccion Saavedra & Cascabel
Comercial Agrícola Santa Cruz
Fogar do Avó



ROCIO
LAVADO DE COCHES A MANO

Poi. Ind. de Toedo (Frente al bar Regenjo)
Tel. 986 573 491 - 36682 A ESTRADA - PONTEVEDRA
neumaticosrociomundo-r.com

PULIDO CARROCERÍA

LIMPIEZA DE TAPICERÍAS
PULIDO FOCOS
PULIDO CRISTALES
LAVADO MOTOR TURISMO

ANPA CEIP ORTIGUEIRA TARDES DIVERTIDAS

■ Na última semana do curso a ANPA do CEIP Ortigueira propón actividades extraescolares moi divertidas para finalizar este curso con moi bo sabor de boca.

- **Datas:** Do 19 ao 22 de xuño de 16 a 20 h
- **Prezo:** 10 €

Haberá xogos, obradoiros,... e moita moita diversión!!

Toda a información na ANPA do CEIP Ortigueira.

XOGO DE PEÑAS O 1 DE XULLO DA ASOCIACIÓN XUVENIL A DORNA

■ A Asociación Xuvenil a Dorna presenta esta orixinal proposta, que garante diversión, acción e premios!! Para participar só tes que xuntar unha "peña" de polo menos 6 participantes maiores de 16 anos e inscribirte por tan só 5 euros e unha camiseta de regalo.

Toda a información na súa web www.asociacionxuvnildorna.com. Non te perdas esta oportunidade!!

Haberá: xogos populares, lanzamento de "katiusca", os relevos imposibles, festa da espuma, tiro á diana con caída á auga... e moita diversión máis!!

XOGO DE PEÑAS

01.07.17
TROBE-VEDRA

VERAN XA CHEGOU

WOLF, BIRD, HORSE, etc. icons

XOGOS POPULARES **XINCANA IMPOSIBLE**

LANZAMENTO DE KATIUSKA TIRO Á DIANA CON CAÍDA Á AUGA

MINI-FEIRA CON: LANCAMENTO DE BOLOS, DARDOS, PESCA DE PATIKOS **XOGO DE PISTAS OCULTAS** **PHOTOCALL**

OS RELEVOS IMPOSIBLES **ZONA INFANTIL CON: HINCHABLE, TALLERES**

FESTA DA ESPUMA

INSCRIBE A TUA PEÑA DE UN MÍNIMO DE 6 PARTICIPANTES MAIORES DE 16 ANOS
FANTÁSTICOS PREMIOS PARA OS PRIMEIROS CLASIFICADOS

INSCRIPCIÓN + INFO: 619 942 583
asociacionxuvnildorna@gmail.com
www.asociacionxuvnildorna.com

DORNA
Organiza: ASOCIACIÓN XUVENIL DE TROBE Colabora: Cencello de Vedra

AO CEIP ORTIGUEIRA

■ Que está de dobre celebración!!

En primeiro lugar pola súa participación no campionato provincial de atletismo que se celebrou na Pobra do Caramiñal o pasado 20 de maio.

Para el clasificáronse un total de 32 atletas que competiron nas distintas probas das categorías benxamín, alevín e infantil.

Os alumnos e alumnas conseguiron un total de 10 medallas: 4 na categoría benxamín, 2 en alevíns e 4 en infantís. Por especialidades estiveron moi repartidas:



Grupo do CEIP nas probas de atletismo.

3 foron en salto de altura, 2 en lanzamento de martelo, 1 en marcha, en lanzamento de peso, xavelina e disco, ademais do primeiro posto nos relevos benxamín masculino, así como varios cuartos postos.



Un éxito rotundo para este colexio de pouco máis de 70 escolares que destacaron máis que notablemente a nivel provincial!!

... E tamén pola súa versión escénica da obra *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* con motivo da conmemoración do Día das Letras Galegas. Que foi destacada dende a páxina de culturagalega como unha das iniciativas máis orixinais.

Tes toda a información no enlace <http://www.culturagalega.org/noticia.php?id=27498#>

Vedra Festeira

FESTA DE SANTA ISABEL

EN SAN FINS

O DOMINGO 4 DE XUÑO

FESTA DAS FLORES

EN SANTA CRUZ DE RIBADULLA

O DOMINGO 4 DE XUÑO

FESTA DO CORPUS

EN VEDRA

O DOMINGO 18 DE XUÑO

FESTAS DE VERÁN

EN SAN XIÁN

30 DE XUÑO E 1 E 2 DE XULLO

FESTAS PATRONAIS

EN SAN PEDRO DE VILANOVA

O 24 E 25 DE XUÑO

FESTAS PATRONAIS

EN SAN PEDRO DE SARANDÓN

O 29 E 30 DE XUÑO E O 2 DE XULLO

O 29 de xuño festa na honra a San Pedro con sesión vermú e verbena a cargo do Trío "Ángel América".

O 30 de xuño festa na honra ao Santísimo con sesión vermú e verbena con: "Ciudad Cristal" e a orquestra canaria "Jhonny Maquinaria".

O 2 de xullo festa na honra do Santísimo coas bandas de música de Santa Cruz de Ribadulla e a de Rianxo.

AXENDA DOS FINS DE CURSO ESCOLARES

- **NA EIM DE VEDRA:** o venres 16 de xuño ás 17 h na Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla.
- **NO CEIP ORTIGUEIRA:** O xoves 22 de xuño ás 12 h na Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla.
- **NO CPI DE VEDRA:** A mañá do venres 23 de xuño.
- **NO CRA BOQUEIXÓN VEDRA:** A tarde do martes 20 de xuño na Carballeira do Souto en San Fins de Sales.

CRA BOQUEIXÓN-VEDRA
"NEIRA VILAS"
10º ANIVERSARIO

MÉRCORES 14 DE XUÑO
DENDE AS 14:30 ATA AS 19:30
NA CARBALLEIRA DE SAN FINS DE SALES

ADÉMÁS DO XANTAR HABERÁ:
- Exposición fotográfica e audiovisual
- Photocall Crazeiro
- Xogos Tradicionais
- Actuación de grupos tradicionais da zona onde están nais/pais e antigos alumnos/as
- E algunhas sorpresas máis!!!

FORMACHES PARTE DO CRA, COMO ALUMNO/A, NAI/PAI, AVO/AVOA, MESTRE/A NESTES DEZ ANOS DE ANDADA DO NOBO COLE? ENTÓN, ANÓTATE PORQUE ESE DÍA É MOI ESPECIAL PARA NÓS E NON QUEREMOS QUE FALTEDES NINGÚN!!

MENÚ:
- Empanada, tortilla, pizza e xamón asado.
- Biscoito
- Bebida, pan e café

PREZO:
5€ dos 6 aos 12 anos (agás os nenos/as que estean actualmente matriculados no CRA)
10€ dos 12 anos en diante
ANOTARSE ATA O SÁBADO 10 DE XUÑO
NO TLFN. 616440471 / OU NO MAIL: cra.boqueixon.vedra@edu.xunta.es

Pequenos... Grandes Xestos!!!

USO RESPONSABLE DA AUGA ANTE A SITUACIÓN DE SECA

■ A escaseza de precipitacións nos últimos meses provocou unha situación de risco de seca en Galicia, o que nos sitúa nun estado de prealerta. Actualmen-

te os indicadores de caudal dos ríos están por debaixo da normalidade e tendo en conta que están por vir os peores meses do verán, resulta fundamental que

todos, administracións e cidadanía, poñamos da nosa parte para que a situación non empeore.

Tomar medidas sinxelas como minimizar o consumo de auga nos usos non imprescindibles, como poden ser encher as piscinas, sistemas de rega de xardíns, etc, así como optimizar os recursos na rega agrícola e na gandería ou evitar billas con fluxo continuo de auga, poden axudar a evitar que se chegue a unha situación extrema na que haxa que establecer restricións ao uso da auga.

Ser responsables coa situación de escaseza de auga e concienciarse de que podemos axudar a non empeoralala é moi importante para evitar un agravamento que supoñan medidas que nos afectarán na nosa vida diaria.



PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.